



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE EDUCACIÓN

# Propostas de mejora Informe sobre el estado e situación del sistema educativo Curso 2009/2010



CONSEJO  
ESCOLAR  
DEL ESTADO

[educacion.gob.es](http://educacion.gob.es)





# **PROPOSTAS DE MELLORA**

*Informe sobre o estado e a situación do sistema  
educativo*

*Curso 2009/2010*



**MINISTERIO DE EDUCACIÓN**

Consejo Escolar de Estado

Edita:

© SECRETARÍA GENERAL TÉCNICA

Subdirección General de Documentación y Publicaciones

Catálogo de publicaciones del Ministerio: [educacion.gob.es](http://educacion.gob.es)

Catálogo general de publicaciones oficiales: [publicacionesoficiales.boe.es](http://publicacionesoficiales.boe.es)

Fecha de edición: 2011

NIPO: 820-11-336-6

Depósito Legal: M-56: 92-2011

Imprime: Estilo Estugraf Impresores, S.L.

# ÍNDICE

---

	<b>Páxina</b>
<i>Presentación</i> .....	7
 <b><i>Propostas de mellora</i></b>	
<i>0. De carácter común</i> .....	15
<i>1. Educación infantil</i> .....	19
<i>2. Educación obrigatoria</i> .....	22
<i>3. Ensinanzas postobrigatorias</i> .....	25
<i>4. O investimento educativo</i> .....	28
<i>5. A igualdade, a convivencia e a participación nos centros</i> .....	31
<i>6. A inclusión do alumnado que presenta necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade</i> .....	34



## PRESENTACIÓN

---

O Consello Escolar do Estado, máximo órgano consultivo e de participación da comunidade educativa das ensinanzas non universitarias realizou, no 25 aniversario da LODE que o creou cumprindo un mandato constitucional, a súa función de elaborar, aprobar e facer público o informe anual sobre o estado e a situación do sistema educativo. O curso 2009/2010 estivo presidido polo proceso de debate e negociación entre o Ministerio e as organizacións representativas da comunidade educativa para lograr un pacto social e político pola educación, proceso que espertou enormes expectativas e que, lamentablemente, non foi culminado con éxito. Neste curso, ademais, terminou a implantación do sistema introducido pola LOE e do plan de financiamento desta. Estendeuse aos cursos de 4.º e 5.º de primaria e de 2.º de bacharelato, púxose en marcha o novo modelo de proba de acceso á universidade e aplicouse a avaliación xeral de diagnóstico ao alumnado de 4.º de primaria, o que significa que a partir deste momento o sistema vai contar cunha ferramenta rigorosa para coñecer a evolución dos resultados. Por outra banda, neste ano en que España detivo a Presidencia da Unión Europea, situouse a educación no corazón da estratexia Europa 2020.

O aspecto máis relevante deste curso foi o bo comportamento das taxas de titulados en ESO á idade de quince anos, que pasou a ser do 74% no curso 2008/2009, fronte ao 69,2% no curso 2006/2007. A estas cifras engádese o 7,8% do alumnado que obtén a titulación en réxime de ensino para persoas adultas, presencial e a distancia, co que as taxas de titulados en ESO se sitúan no 81,8%, o que se afasta en máis de 10 puntos da fatídica cifra do 30% de persoas que non lograron culminar con éxito o ensino obrigatorio. Tamén resulta positivo o incremento das taxas de escolarización aos 17 e os 18 anos e a de titulados nos ensinos postobrigatorias, polo que podemos afirmar que nos atopamos ante un cambio de tendencia. Por este motivo, é imprescindible o esforzo conxunto de toda a sociedade para evitar que os recortes orzamentarios ditados polas políticas de austeridade derivadas da crise afecten a



educación. O noso país non pode, de ningún xeito, permitirse dar marcha atrás na mellora emprendida.

O Consello viu con satisfacción que moitas das suxestións e recomendacións que lles presentou ás administracións educativas nos últimos anos foron ben recibidas. De feito, pódense recoñecer en medidas moi relevantes que se puxeron en marcha ou cuxa execución se anunciou. Entre elas, cabe destacar a extensión do Plan Educa 3, os bos resultados dos plans de apoio e reforzo, a mellora do nivel de idiomas e, moi particularmente, a flexibilización do sistema educativo, o que reforza o carácter orientador de 4.º da ESO e facilita o acceso aos ciclos formativos de grao medio tras a superación dos PCPI para evitar que os alumnos e alumnas abandonen o sistema sen titulación. Tamén se aceptou a reiterada proposta do Consello de que todas as alumnas e alumnos que non obteñan o título da ESO consigan a certificación das competencias básicas adquiridas que lles garanta que poidan proseguir a súa formación.

Tamén podemos estar satisfeitos porque algunhas das medidas adoptadas foron sensibles ás necesidades de formación da poboación en tempos de crise, buscaron que todo o alumnado teña expectativas de continuar a súa formación tanto académica coma profesional e facilitaron o retorno ao sistema educativo dos que abandonaron, con fórmulas que posibilitaron compaxinar formación e emprego. Neste sentido, o Consello valora moi positivamente que o Plan estratéxico de formación profesional se integrase dentro dos programas de cooperación territorial.

Agora ben, malia que o Consello recoñece avances indubidables, está profundamente preocupado polos déficits que aínda non se superaron. Entre estes, cabe mencionar as importantes diferenzas territoriais que restan cohesión social e que se manifestan na heteroxénea expansión da escolarización do primeiro ciclo de educación infantil, con territorios onde non sempre se garanten os niveis mínimos de calidade na educación impartida. Así mesmo, é alarmante a diferenza no investimento realizado polas distintas administracións educativas, o que pode

repercutir directamente na calidade do servizo ofrecido. Estas diferenzas entre territorios alcanzan o seu nivel máis preocupante nos resultados do alumnado, tanto nas avaliacións nacionais e internacionais, coma nas taxas de titulación ou nos niveis de abandono escolar temperán. Hai que insistir en que poderemos falar dun sistema educativo que desterrou os seus déficits de equidade e de éxito soamente se se logra diminuír drasticamente a porcentaxe dos nosos mozos que termina os estudos obrigatorios sen titulación e, sobre todo, se desaparecen as notables diferenzas entre unhas comunidades autónomas e outras.

Sigo insistindo en que o obxectivo prioritario do Consello, que debe asumir toda a sociedade española, é mellorar a calidade da educación. E mellorar a calidade significa, ademais de alcanzar bos resultados, lograr un equilibrio entre a equidade e a excelencia en todos os territorios e que todos os mozos obteñan os mellores resultados, independentemente do centro no que estuden. Para iso, é imprescindible garantir a escolarización equilibrada entre todos os centros e unha atención adecuada do alumnado que presenta maiores dificultades.

Segue plenamente vixente, tamén, a defensa do Consello dunha cultura da avaliación, do compromiso das administracións educativas para medir o grao de éxito das políticas emprendidas a través de indicadores, para aplicar aquelas medidas de mellora que suxiren a avaliación de diagnóstico e para dotar os centros educativos da autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión que lles permita atender de xeito máis eficaz as necesidades do seu alumnado, da que lle deben render conta á sociedade a través das correspondentes avaliacións.

Coma en cursos anteriores, quero sinalar os retos de futuro que se desprenden tras unha lectura detida do *Informe sobre o estado e a situación do sistema educativo do curso 2009/2010* e, como entón, dende o Consello emprazamos as administracións educativas a que afronten con prontitude e eficacia:

1. O maior reto do sistema educativo nos próximos anos será non só manter, senón incrementar progresivamente o investimento na educación que

permita superar as carencias históricas do noso país respecto dos países do contorno, ata alcanzar o 7% do PIB para evitar calquera retroceso nos logros conseguidos. Por iso, o Consello Escolar considera imprescindible que a Conferencia Sectorial de Educación estableza un nivel mínimo de gasto educativo que sempre se debería manter e por debaixo do cal quedaría comprometida a prestación dun servizo público educativo de calidade. Así mesmo, a máxima eficacia e eficiencia require políticas compartidas e coordinadas nas prioridades do gasto.

2. As administracións educativas, ademais de manter o esforzo iniciado polo Plan Educa3, deben establecer, na Conferencia Sectorial de Educación, todos aqueles indicadores imprescindibles para garantir a calidade e o carácter educativo da etapa. No mesmo sentido, o Consello reitéralle á Administración do Estado a recomendación de iniciar o necesario proceso de reformas legislativas que permita contar no primeiro ciclo da educación infantil cos marcos mínimos que garantan o devandito nivel de calidade.
3. É imprescindible profundar nas medidas que iniciaron o cambio de tendencia no éxito do alumnado para que todos os estudantes teñan un futuro educativo prometedor: detectar precozmente as dificultades da aprendizaxe, coidar a transición entre as etapas educativas, manter e ampliar os programas de reforzo, articular mecanismos que permitan a análise dos resultados das avaliacións de diagnóstico e a posta en marcha de plans de actuación que se deriven destas e velar para que os centros incorporen nos seus proxectos educativos compromisos entre as familias, o alumnado e o centro.
4. Para lle plantar cara con éxito ao fracaso escolar é urxente abordar a problemática específica da repetición de curso –sistema non soamente moi custoso, senón claramente ineficaz– e desenvolver políticas baseadas na atención individualizada ao alumnado con maiores problemas para lograr obxectivos de cada curso na educación obrigatoria. Á vez, para que todo o

alumnado teña posibilidades de continuar a súa formación tras a educación obrigatoria, debe existir unha oferta suficiente de programas de cualificación profesional inicial en todos os centros da ESO.

5. Para consolidar a tendencia da mellora nas taxas de escolarización entre os 16 e os 18 anos e as taxas de titulados no ensino secundario superior, é imprescindible que a Conferencia Sectorial de Educación siga promovendo as medidas previstas no Plan de prevención do abandono. Neste sentido, malia que o Consello reitera o seu apoio a todas as medidas encamiñadas a incrementar a matrícula nos ciclos de formación profesional de grao medio e a lles facilitar o retorno ao sistema educativo aos adultos que non lograron o nivel de educación secundaria superior, tamén lle recomenda á Conferencia Sectorial de Educación que estableza os mecanismos oportunos para procurar a harmonización da oferta no conxunto do territorio do Estado. Así mesmo, é imprescindible que a avaliación, recoñecemento e acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral e das aprendizaxes non formais se faga de xeito idéntico e coordinado en todo o territorio do Estado, co fin de garantir a mobilidade dos traballadores e das traballadoras.
6. Un ano máis, constátanse os diferentes resultados académicos alcanzados polos alumnos e as alumnas. Para que todo o alumnado poida acceder ao mundo do traballo en plena igualdade de condicións, as administracións educativas deben promover campañas que potencien entre o alumnado opcións educativas idénticas con independencia do sexo e que fomenten o valor do esforzo e da educación igualitarias como vehículo idóneo de promoción persoal e social para todos os alumnos e alumnas.
7. O Consello Escolar do Estado defende un modelo educativo inclusivo e considera que lles corresponde ás administracións educativas prover os recursos de apoio que precise o alumnado con discapacidade ao longo de todas as etapas, para garantir non só o acceso senón tamén a súa

permanencia e promoción dentro do sistema educativo, segundo os principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal que establece a lexislación.

8. O profesorado é un elemento esencial de calidade do sistema. Por iso, as administracións estatal e autonómica deben garantir a calidade e o rigor da formación inicial e permanente de mestres e profesores de secundaria. Así mesmo, é urxente recuperar, en canto sexa posible, o nivel de retribucións do profesorado anterior aos recortes experimentados durante este curso, reforzar a súa autoridade moral e profesional, así como a súa consideración social, e negociar o Estatuto do funcionario docente que estableza unha auténtica promoción profesional.

Para coñecer o impacto de todas as medidas adoptadas, convén analizar con rigor as tendencias dos diferentes aspectos do sistema e desenvolver as políticas educativas que consigan melloralo e solicítaselle ao Ministerio de Educación que inclúa no Sistema Estatal de Indicadores todos os necesarios para avaliar as actuacións que se emprenden.

#### *Aspectos formais e contidos do presente informe*

Como apuntaba un dos relatores que presentou o informe ao Pleno para a súa aprobación, a cerimonia do debate e votación deste ten unha liturxia dialéctica que usa moitos verbos, como por exemplo: instar, dotar, garantir, favorecer, propor, elaborar, promover, implantar, incrementar, reiterar, recomendar, incentivar... e, ás veces, o verbo leva apostila incorporada: ser necesario, mellorar o nivel, valorar positivamente, preocupar extraordinariamente, observar con preocupación, considerar imprescindible, facer efectiva... Esta linguaxe, que quere ser o de toda a comunidade educativa, arroupa un intenso traballo dos conselleiros e conselleiras que quero agradecer dende estas liñas.

O presente informe mantén a estrutura dos aprobados en cursos anteriores para focalizar a atención sobre os aspectos máis relevantes do curso académico 2009/2010, que é o obxecto de análise neste caso, sen renunciar á riqueza de datos e matices da información estatística e documental. Como no curso anterior, co obxecto de lograr a máxima difusión das propostas de mellora que o Consello lles presenta ás administracións, estas publícanse tanto en castelán coma nas linguas cooficiais do Estado e, ademais, en inglés. Todo iso co fin de incrementar ao máximo a influencia institucional da comunidade educativa.

O informe estrutúrase en catro grandes epígrafes. Na epígrafe I, analízanse os acontecementos máis destacados do curso 2009/2010.

A epígrafe II consta de 6 capítulos que recollen os aspectos máis relevantes do sistema.

A epígrafe III recolle todas as propostas de mellora, tanto as de carácter común que afectan o conxunto do sistema, como as que se refiren ao contido de cada un dos capítulos que compón a epígrafe II.

Na epígrafe IV, recóllese a información estatística e documental, clasificada por epígrafes que manteñen a estrutura dos cursos anteriores para facilitar a consulta, a localización dos datos e a súa comparación.

Toda a información contida nas catro epígrafes descritas está incluída no CD que acompaña a publicación en papel (epígrafes I, II e III). Pola súa banda, as propostas de mellora publícanse nunha separata para que teñan a máxima difusión posible.

Desexo ferventemente que o diagnóstico que conteñen estas páxinas sexa certo e, moi especialmente, que as propostas de mellora que a comunidade educativa propón sexan convenientemente acollidas polas administracións educativas e pola

sociedade. Cumpriríamos así o deber inescusable de contribuír a mellorar o futuro da nosa infancia e mocidade.

*Carmen Maestro Martín*  
*Presidenta do Consello Escolar do Estado*

# PROPOSTAS DE MELLORA

---

## 0. De carácter común

**1ª)** O Consello Escolar do Estado defende con decisión un modelo de educación inclusiva de calidade. Para construílo, é imprescindible un investimento que garanta os recursos materiais e humanos necesarios e require o esforzo conxunto de toda a sociedade española.

Por iso, ínstanse as administracións educativas para que poñan en marcha aquelas medidas que posibiliten a mellor dotación dos centros educativos, unha formación inicial e permanente de calidade para o profesorado e os responsables da orientación educativa, a avaliación do sistema educativo, as iniciativas que favorezan a calidade con equidade e a necesaria cooperación territorial que evite as desigualdades que aínda hoxe subsisten nos resultados educativos dos diferentes territorios.

**2ª)** O Consello Escolar do Estado propón que as administracións educativas fagan efectiva a autonomía dos centros educativos, no sentido que establece a LOE, para elaborar os seus proxectos educativos a partir do diagnóstico das súas necesidades, co traballo cooperativo dos equipos docentes, a implicación das familias e a participación de toda a comunidade educativa. Todo iso sen descoidar a plena e equilibrada escolarización e inclusión nos centros públicos e privados concertados do alumnado inmigrante, do que se incorpora tardiamente ao sistema educativo, dos que presentan problemas ou riscos de abandono e exclusión social, así como dos alumnos e alumnas que presentan necesidades educativas especiais, procurando tamén de forma equitativa os recursos materiais e humanos que sexan necesarios.



A autonomía dos centros está intimamente vinculada coa avaliación e a rendición de contas. Por iso, para lles axudar aos centros a realizar avaliacións internas e para poder realizar un diagnóstico axustado de todos os factores que concorren na situación do sistema educativo, o Consello Escolar do Estado insta o Ministerio de Educación e as administracións educativas para que desenvolvan indicadores que permitan a detección precoz das dificultades da aprendizaxe e do abandono escolar prematuro, a avaliación da calidade da atención á diversidade e realizar estudos, entre outros temas, sobre as vantaxes ou desvantaxes que supón a separación dos ciclos de educación infantil en centros educativos distintos, sobre os proxectos bilingües e trilingües existentes nos distintos ámbitos territoriais e sobre as medidas que poidan complementar a repetición de curso para que os seus efectos sexan claramente positivos no logro do éxito escolar.

**3ª)** O Consello Escolar do Estado propón que se articule a presenza da Federación Española de Municipios e Provincias nas reunións da Conferencia Sectorial de Educación, co obxectivo de impulsar e racionalizar unhas actuacións educativas coordinadas entre as administracións central, autonómica e local que permitan mellorar a atención integral de toda a poboación escolarizada e desenvolver, ademais, a participación dos concellos na programación xeral da ensinanza, en materias como a xeneralización da oferta de educación infantil; a educación das persoas adultas; a oferta das ensinanzas de réxime especial; as obrigas municipais respecto ao mantemento, funcionamento e reparacións dos centros escolares públicos; a promoción da lectura dende as bibliotecas municipais; a utilización das TIC por colectivos cada vez máis amplos; a cooperación municipal na integración dos colectivos de inmigrantes e a súa corresponsabilidade en todas aquelas medidas que contribúan á diminución do fracaso escolar.

**4ª)** O Consello Escolar do Estado súmase ao Congreso dos Deputados e apoia a proposición non de lei relativa á protección do patrimonio educativo, pola que se insta o Goberno para que propoña, no seo da Conferencia Sectorial de Educación, un plan de protección, conservación e difusión do patrimonio histórico educativo que contemple a elaboración de inventarios e catálogos dos bens que o compoñen, medidas para a conservación dos fondos documentais e das coleccións científicas, unha estratexia para a conservación dos edificios escolares históricos, a investigación e divulgación do devandito patrimonio, así como unha estratexia para garantir a plena accesibilidade universal das persoas con discapacidade ao patrimonio educativo e os créditos orzamentarios para a execución do devandito plan.

**5ª)** O Consello Escolar do Estado estima conveniente que o Estatuto do funcionario docente non universitario estableza unha auténtica promoción profesional, tanto vertical coma horizontal, de xeito que o profesorado reciba un recoñecemento do seu traballo ben feito. Así mesmo, propónse que, en canto sexa posible, se recuperen os salarios do profesorado que experimentaron un considerable recorte no curso actual. É tamén urxente a negociación do Estatuto da función pública docente que, ademais de establecer os dereitos e deberes do profesorado da ensinanza pública, definir perfís profesionais axeitados e recoñecer con rango de lei a dignidade da función pública educativa, debería recoller a prórroga indefinida da xubilación voluntaria, anticipada e incentivada aos 60 anos. Esta medida, ademais de ser un dereito recoñecido ao profesorado polas características da función que desempeña, permitiu a renovación parcial dun colectivo que presenta certo envellecemento. Así mesmo, o Consello Escolar do Estado insta as diferentes administracións públicas para que todo o profesorado maior de 55 anos poida acollerse á redución do seu horario lectivo, como mínimo nun terzo, sen que supoña redución ningunha das súas retribucións.

O Consello observa con preocupación a aplicación, por primeira vez, da taxa de reposición do 30% de efectivos na ensinanza. Por iso, insta o goberno do Estado para que, como mínimo, estableza unha taxa de reposición do 100% para os vindeiros anos, co obxecto de garantir uns cadros de persoal estables nos centros que fagan fronte ás súas necesidades educativas.

O Consello Escolar do Estado veu reclamando a mellora da formación inicial do profesorado e das súas prácticas docentes. Neste momento, a xeneralización dos novos graos de educación infantil e primaria e do máster de especialización didáctica, no marco da adecuación ao Espazo Europeo de Educación superior, están supoñendo unha serie de modificacións significativas que deberían mellorar eses procesos. Por iso, instamos o Ministerio para que se nos proporcionen datos suficientes para analizar os devanditos procesos de implantación, co fin de poder realizar as achegas que se consideren oportunas, en especial sobre os modelos de realización das prácticas docentes.

**6ª)** O Consello Escolar do Estado estima conveniente que os orzamentos das administracións permitan no menor tempo posible a equiparación salarial real dos profesionais da ensinanza concertada cos seus homólogos da función pública. A mesa sectorial da ensinanza concertada, constituída ao finalizar este curso 2009/2010, ha de ser o principal ámbito no que se posibiliten as medidas que permitan, entre outras cuestións que o sector vén formulando hai anos, o incremento de profesorado, a redución da carga lectiva actual, a incorporación do persoal de administración e servizos ao pagamento delegado ou o mantemento da xubilación parcial anticipada nas condicións anteriores á reforma prevista. Así mesmo, o Consello entende que todos os profesores e profesoras dos centros públicos e privados concertados deben de beneficiarse da xubilación voluntaria e anticipada.

**7ª)** O Consello Escolar do Estado considera que se deben promover ao longo de todo o sistema educativo, e de xeito transversal, tanto o espírito emprendedor coma os valores e competencias necesarias para desenvolverse na sociedade e na empresa, como son: a cultura do esforzo, o emprendemento, a toma de decisións, o traballo en equipo, a análise e a solución de problemas, a comunicación, a creatividade, a innovación etc., coa finalidade de contar con cidadanía emprendedora que xere no futuro un impacto social e económico no país.

O Consello Escolar do Estado propón que se transmita na educación a imaxe real do empresario e o papel da empresa no desenvolvemento social e económico do país. Así mesmo, é indispensable incluír estes temas na formación inicial e permanente do profesorado de todos os niveis educativos, incluídos os da educación obrigatoria.

## **1. Educación infantil**

**1ª)** A escolarización en idades temperás constitúe un factor de especial importancia tanto para a evolución persoal e académica do alumnado ao longo do sistema educativo coma para a detección dende os seus primeiros inicios das necesidades específicas de apoio educativo que se poidan presentar.

No noso país, logrouse unha alta taxa de escolarización no segundo ciclo da etapa, mentres que no primeiro ciclo da educación infantil as taxas de escolarización son aínda insuficientes, a pesar dos intensos esforzos realizados polas diversas administracións. Por iso, o Consello Escolar do Estado insta as diferentes administracións educativas para que intensifiquen o esforzo orzamentario co obxecto de que se oferten prazas escolares públicas suficientes e tender á súa gratuidade, para garantir a demanda de atención educativa no primeiro ciclo de educación infantil e mellorar con iso a calidade e a equidade do noso sistema educativo.

**2ª)** Como se indicaba na proposta de mellora realizada no curso pasado sobre este mesmo aspecto, a determinación dos requisitos mínimos dos centros que imparten o primeiro ciclo da educación infantil correspóndelles por mandato legal ás distintas administracións educativas. Iso supón unha heteroxeneidade nos distintos territorios onde non sempre se garanten os necesarios niveis mínimos de calidade na educación impartida. O papel das corporacións locais no ámbito da educación infantil 0-3 é cada vez máis significativa, ata o punto de que tras o Plan Educa3 estas poden converterse na titularidade maioritaria das escolas infantís. Por iso, precísase unha mellor coordinación coa Federación Española de Municipios e Provincias e os seus órganos equivalentes das comunidades autónomas que, en particular, debe estenderse á mellora da regulación laboral do persoal que atende os centros de titularidade municipal.

O Consello Escolar do Estado reitéralle de novo á Administración do Estado a necesidade de iniciar o proceso imprescindible de reformas lexislativas que permita contar no primeiro ciclo da educación infantil cos marcos mínimos que garantan a calidade e a equidade para todo o alumnado nunha etapa con carácter plenamente educativo que conduza, simultaneamente, a que as competencias de toda a etapa dependan, en exclusiva, das administracións educativas.

**3ª)** Conforme se prevé na Lei orgánica de educación, os centros que imparten ensinanzas de educación infantil poden ofrecer as ensinanzas do primeiro ciclo da etapa, as do segundo ciclo ou ambas as dúas. Así mesmo, estas ensinanzas poderán abarcar o ciclo completo ou unicamente parte deste. A devandita regulación pode comportar dificultades para que os proxectos pedagóxicos se desenvolvan de xeito óptimo ao longo da etapa cando se interrompa a continuidade da escolarización do alumnado no centro.

Por iso, ínstase a Administración educativa competente para realizar as investigacións e elaborar os informes precisos ao respecto, co fin de que se destes se

desprende a necesidade de modificar as previsións legislativas vixentes se proceda a iniciar os necesarios procedementos de reforma.

**4ª)** A situación existente nos centros que imparten ensinanzas de educación infantil fai moi conveniente que a Conferencia Sectorial de Educación e o Instituto de Avaliación establezan os correspondentes indicadores no Sistema Estatal de Indicadores referidos á calidade dos proxectos pedagóxicos dos centros, en especial do primeiro ciclo, e a súa adecuación ao carácter educativo deste, a aplicación dos requisitos mínimos dos centros, a titularidade dos centros e do servizo educativo, a titulación das e dos profesionais que o atenden e o seu sexo, as ratios, a calidade, a dotación e a aplicación dos recursos para a atención á diversidade e a coordinación entre os centros que imparten distintos ciclos.

**5ª)** Tendo en consideración os datos de escolarización en educación infantil referidos ao alumnado estranxeiro escolarizado durante o curso escolar obxecto deste informe en centros públicos e privados e a súa comparación cos datos do curso anterior, constatamos que se mantén o desequilibrio existente na devandita escolarización.

Ante esta realidade, o Consello Escolar do Estado proponlles ás administracións educativas que aseguren a escolarización equitativa do alumnado estranxeiro en todos os centros que reciban fondos públicos para a impartición da educación infantil, mediante una normativa básica que vaia acompañada de plans específicos de apoio para garantir a igualdade do dereito á educación con independencia do centro onde se haxa de escolarizar ese alumnado e que regule os criterios de admisión do alumnado, emendando o desequilibrio que actualmente existe entre centros públicos e privados.

## **2. Educación obrigatoria**

**1ª)** Dos datos que constan neste informe, despréndese que as taxas de idoneidade (alumnado que cursa o ano académico que lle corresponde pola súa idade) son altas aos 8 anos de idade cun 93,4% e van reducíndose ata chegar ao 59,6% aos 15 anos de idade. Iso evidencia a alta porcentaxe de alumnado que repite algún curso académico ao longo da ensinanza obrigatoria (educación primaria e educación secundaria obrigatoria). Non obstante, en diversos estudos tanto nacionais coma internacionais (Avaliación xeral de diagnóstico 2009. Educación primaria, así como Panorama da educación 2010. OCDE. Informe español), evidénciase que a mera repetición de curso, se non vai acompañada dun plan específico de apoio personalizado ao alumnado afectado, non garante de ningún xeito a consecución dos obxectivos perseguidos polo sistema educativo.

O Consello Escolar do Estado insta as administracións educativas para abordar a problemática específica da repetición de curso en cada territorio e para desenvolver políticas ao respecto baseadas na atención individualizada ao alumnado con maiores problemas para lograr os obxectivos educativos de cada curso na educación obrigatoria.

**2ª)** Dos datos que constan no informe despréndese que, a pesar das melloras que houbo nos dous últimos cursos académicos, continúa existindo un elevado número de alumnos e alumnas que non conseguen pasar de curso ao longo da educación básica e que incluso non obteñen o título de graduado ao remate da educación secundaria obrigatoria. O Consello Escolar do Estado considera que se deben incrementar os recursos encamiñados a diminuír as altas taxas de poboación escolar que presenta problemas na aprendizaxe e do alumnado con necesidades educativas especiais que non finaliza os seus estudos ou que os abandona no tránsito á educación secundaria, para o cal a atención personalizada a cada alumno e alumna constitúe un vehículo especialmente recomendado nestes casos.

O Consello Escolar do Estado realiza un chamamento ás administracións educativas para que potencien os plans, programas e actuacións que se desenvolvan neste sentido. Son particularmente relevantes os favorables resultados obtidos coa posta en práctica do Plan PROA de cooperación territorial, malia que se recomenda estender a súa aplicación a un maior número de centros, xa que as súas actuacións afectan aínda unha porcentaxe insuficiente de centros e alumnado.

**3ª)** O Consello Escolar do Estado recibiu con satisfacción a posibilidade introducida pola recentemente aprobada Lei de economía sostible que lle permite ao alumnado o acceso aos ciclos formativos coa superación dos programas de cualificación profesional inicial cursados na ESO. Con iso ábrese un medio para evitar que un alto número de estudantes abandone o sistema educativo sen titulación ningunha.

Para que a medida introducida pola citada lei alcance a súa máxima eficacia, o Consello Escolar do Estado estima que sería necesario que as administracións educativas potencien os seus esforzos por implantar os devanditos programas de cualificación profesional inicial de xeito xeneralizado en todos os centros públicos e privados concertados que impartan ensinanzas de ESO, e que o necesiten.

**4ª)** Os datos que constan neste informe evidencian resultados académicos diferenciados entre alumnos e alumnas. O estudo das causas últimas desta situación debe realizarse de xeito sereno, científico e co sosego suficiente que facilite a análise dunha situación sen dúbida multifactorial que non fai recomendable un achegamento maximalista ao tema.

Este Consello Escolar do Estado insta as administracións educativas para promover campañas que potencien entre as alumnas e os alumnos opcións educativas idénticas con independencia do sexo do alumnado, que fomenten e resalten o valor do esforzo, da educación e da cultura igualitarias, como vehículo idóneo de



promoción persoal e social para todos os alumnos e alumnas, para poñer en evidencia a crecente necesidade de contar cunha formación académica e profesional cualificada, co fin de lograr o futuro acceso de todo o alumnado ao mundo do traballo en plena igualdade de condicións.

**5ª)** A mellora do nivel de idiomas estranxeiros na educación primaria e educación secundaria obrigatoria mediante a implantación de programas curriculares bilingües ou trilingües desenvolvidos nun idioma estranxeiro, xunto co idioma ou idiomas propios do alumnado, que emprenderon distintas administracións educativas nos seus distintos ámbitos territoriais é contemplado de xeito positivo polo Consello Escolar do Estado porque o coñecemento de idiomas favorecerá a mobilidade académica e laboral da nosa xuventude.

Non obstante, este Consello desexa manifestar o seu parecer ante algúns problemas que xurdiron coa implantación destes programas nalgunhas administracións. En primeiro termo, ínstanse os servizos estatísticos do Estado e o Instituto de Avaliación para dispoñer dos datos estatísticos e dos indicadores necesarios relacionados co número de programas bilingües implantados nos distintos territorios do Estado, o número de centros e as alumnas e os alumnos afectados, así como dos resultados das experiencias desenvolvidas ata o momento. En segundo lugar, a implantación dos devanditos programas non debería afectar de ningún xeito os dereitos consolidados do profesorado dos centros onde se leva a cabo a devandita implantación. Como se indicaba no informe do curso precedente sobre o mesmo tema, a impartición dos contidos curriculares unicamente en idiomas estranxeiros podería afectar negativamente o dominio de tales contidos no propio idioma do alumnado, polo que se debería coidar con especial atención este aspecto, especialmente se se trata das materias que se poden considerar fundamentais no currículo.

Este Consello Escolar do Estado recomenda vivamente o mantemento da ensinanza dos segundos idiomas estranxeiros dentro da ensinanza obrigatoria tanto para o alumnado que cursa ensinanza bilingüe coma para aquel que non cursa este tipo de ensinanza.

Por último, o Consello estima que nos centros que apliquen programas curriculares bilingües e que escolaricen alumnado con discapacidade deberíase establecer, para o alumnado que así o solicite, medidas de flexibilización e/ou alternativas nas metodoloxías de aprendizaxe da lingua estranxeira, así como nos requisitos de acreditación do nivel acadado, en especial en relación coa expresión oral.

### **3. Ensinanzas postobrigatorias**

**1ª)** Neste curso melloraron tanto as taxas de escolarización aos 17 e 18 anos coma as de titulación en ensinanzas postobrigatorias. Porén, seguimos a máis de 20 puntos de distancia do obxectivo europeo para 2010 –un 85% de titulacións nestas ensinanzas– e subsiste o desequilibrio entre os estudos académicos e os profesionais. Por iso, mantén a súa vixencia a recomendación que se vén reiterando nos últimos informes do Consello: as administracións educativas han de arbitrar medidas encamiñadas a aumentar a matriculación e a titulación nas ensinanzas profesionais. Neste sentido, o Consello celebra que o Ministerio de Educación integrase o Plan estratéxico de formación profesional dentro dos programas de cooperación territorial porque pode implicar un impulso importante da información e a orientación profesional. O Consello Escolar do Estado proponlles ás administracións educativas que elaboren e fagan público o mapa de recursos de orientación profesional no ámbito estatal a través do portal Todofp e que promovan campañas informativas sobre a oferta de itinerarios formativos e profesionais e da súa adecuación ás fluctuacións das demandas do sistema produtivo.

**2ª)** O Consello Escolar do Estado valora positivamente que se reforzase o carácter orientador do último curso da ESO, tal como pedía no seu informe do ano anterior. Para que esta medida sexa efectiva, o Consello insta as administracións educativas para que aseguren a calidade das diferentes opcións que se propoñan e para que, en ningún caso, se produza segregación ningunha do alumnado. Así mesmo, é fundamental que o alumnado de 3.º e 4.º curso da ESO conte cunha ampla información, incluíndo as distintas familias profesionais e o deseño dos estudos universitarios que recolle o Plan Boloña, que lle permita elixir a modalidade ou vía máis axustada ás súas competencias e intereses.

No bacharelato, ao Consello preocúpalle extraordinariamente o elevado índice de abandono, o excesivo número de repeticións de curso, sobre todo entre os mozos e, en relación con esas cifras, o desenvolvemento lexislativo e práctico das probas de acceso á universidade pola súa incidencia nos centros de bacharelato. A aplicación no curso 2009/2010 das medidas de promoción de primeiro a segundo curso, adoptadas pola Conferencia Sectorial, e das probas de acceso conforme ao novo modelo debe de ser obxecto dunha avaliación coidadosa. No caso de que esas medidas non tivesen una incidencia apreciable na mellora dos parámetros aludidos, debería de procederse ao estudo e aplicación de medidas lexislativas de maior calado que fagan posible que un maior número de alumnos e alumnas acade os obxectivos desta etapa.

**3ª)** O Consello Escolar do Estado reitera o seu apoio a todas as medidas encamiñadas a incrementar a matrícula en ciclos de formación profesional de grao medio: completar o desenvolvemento do Catálogo de Títulos de Formación Profesional no marco LOE, facilitar o acceso a estes dende os PCPI tras cursar os módulos voluntarios que se establezan, incrementar o número de centros que imparten estas ensinanzas con garantías de calidade e potenciar o módulo de formación en centros de traballo (FCT) e posibilitar a realización de parte da FCT nun país europeo. Para iso, esíxelles ás administracións educativas que non se recorten

os recursos destinados a poñer en práctica todas estas medidas e a evitar o abandono temperán da educación a partir dun plan de bolsas específicas para estudantes de FP e de incentivos económicos a alumnado e empresas, co fin de facilitar o desenvolvemento de fórmulas compostas formación-emprego, o que permite compatibilizar a formación e o traballo a tempo parcial.

**4ª)** A persistencia de elevados índices de desemprego xustifica a recomendación do Consello para que se lles permita o retorno ao sistema educativo ás persoas adultas que non lograron o nivel de educación secundaria superior e para as que se debe ampliar a oferta formativa para que acaden o título de ESO ou de técnico de grao medio. Para iso, é necesario aumentar a oferta de titulacións, incrementar a flexibilidade das ensinanzas presenciais e a súa impartición en réxime nocturno e desenvolver plataformas de teleformación e a formación a distancia. O Consello felicítase polo compromiso adquirido polas administracións educativas para poñer en marcha unha plataforma educativa de formación profesional a distancia a través de internet de ámbito estatal e autonómico e recomenda que a Conferencia Sectorial de Educación estableza os mecanismos oportunos para valorar o seu impacto e para procurar a harmonización da oferta no conxunto do territorio do Estado.

**5ª)** Como recomendaba o Consello Escolar do Estado nos seus últimos informes, en 2010 iniciouse o proceso de avaliación, recoñecemento e acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral e aprendizaxes non formais. O Consello considera moi positivo que o Ministerio de Educación incluíse esta medida no Plan estratéxico de formación profesional dentro dos programas de cooperación territorial. Porén, para que se desenvolva en todo o seu alcance e se garanta a mobilidade das traballadoras e dos traballadores, é imprescindible que as convocatorias de avaliación, recoñecemento e acreditación das competencias se fagan o antes posible e de xeito idéntico e coordinado en todo

o Estado, para o que se ha tomar como referencia o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. Ademais, insta as administracións educativas para que desenvolvan ofertas formativas específicas e suficientes para as persoas acreditadas, harmonizando as súas necesidades coas do sistema produtivo e as políticas activas de emprego.

#### **4. O investimento educativo**

**1ª)** O Consello Escolar do Estado considera que, a pesar da profunda crise económica e financeira na que nos atopamos, non por iso esta situación se debe traducir nunha diminución do investimento en educación realizado polas administracións públicas. O investimento educativo constitúe un dos fundamentos máis sólidos para potenciar o crecemento económico, aumentar o nivel de emprego e favorecer a saída da crise.

O Consello Escolar do Estado, coma no curso precedente, insta de novo as administracións públicas para que incrementen o seu investimento educativo, ao ser este o medio máis axeitado para favorecer o crecemento económico e a superación do actual momento. En consonancia con reiteradas afirmacións de responsables de educación no seo da Unión Europea, os recortes no investimento educativo operan en dirección oposta á loita contra o fracaso e o abandono educativo temperán. Cabe afirmar que as restricións de gasto que no presente se efectúen no sector educativo poderán xerar no futuro problemas sociais e persoais derivados do fracaso escolar e do abandono temperán do sistema, coa conseguinte necesidade de achegar importantes recursos públicos para atender a situación orixinada, superiores aos que agora se restrinxan, e chegar incluso, de ser necesario, á utilización dos fondos estruturais europeos, xa que a mellora da educación e a súa implicación na mellora das cualificacións e do emprego pasou a ser un obxectivo estratéxico europeo para 2020. Ao anterior débense engadir os prexuízos creados no crecemento da riqueza

por mor das deficiencias que poidan orixinarse na formación de determinados sectores da poboación.

**2ª)** No sentido marcado pola Lei orgánica de educación, o Estado e as comunidades autónomas deben acordar un plan de incremento do investimento público en educación para os dez anos seguintes á entrada en vigor da lei, co fin de lograr a equiparación progresiva do investimento educativo á media dos países da Unión Europea. A actual caída do investimento educativo en todas as comunidades, que en un número significativo delas abarca máis dun exercicio orzamentario, pon en cuestión a consecución deste obxectivo.

O Consello Escolar do Estado proponlles ás administracións educativas incrementar os esforzos para lograr un acordo sobre o plan mencionado pola lei. A equiparación do noso investimento educativo ao da media dos países da Unión Europea en ningún caso debe quedar en suspenso polos efectos da crise económica e financeira que atravesamos no presente, xa que iso significaría condicionar negativamente o noso crecemento económico en tempos futuros.

**3ª)** Seguindo a mesma liña marcada nas propostas realizadas ás administracións educativas por este Consello Escolar do Estado nos seus últimos informes, o incremento do gasto público en educación debe compensar as carencias históricas que mantivo o noso país comparadas cos recursos dedicados á educación nos países do noso contorno.

Para iso, propónse que o incremento do investimento público en educación alcance paulatinamente o 7% do produto interior bruto.

**4ª)** Obsérvase que o investimento educativo realizado polas distintas administracións educativas presenta unha grande heteroxeneidade, o que pode repercutir directamente na calidade do servizo educativo ofrecido, nos resultados obtidos polo alumnado e na cohesión social dos territorios do Estado.

O Consello Escolar do Estado observa con preocupación esta situación e recoméndalle á Conferencia Sectorial de Educación que estude a conveniencia de lograr un acordo que fixe polo menos un nivel mínimo de investimento educativo que sempre se debería manter, xa que por debaixo deste quedaría comprometida a prestación dun servizo educativo de calidade en todos os centros públicos e privados concertados.

**5ª)** Débese ter en consideración que a repetidamente citada crise económica e financeira que atravesamos require novos enfoques no investimento público educativo e nos plans, programas e actuacións nos que se concreta o devandito investimento. En consecuencia, o Consello Escolar do Estado insta as Administracións públicas con competencias en materia educativa para extremar os esforzos no seguimento dos gastos destinados ao servizo educativo, optimizando os recursos empregados. No mesmo sentido, a máxima eficacia e eficiencia na prestación do servizo implica extremar a coordinación e a colaboración entre as administracións territoriais con competencias educativas.

Así mesmo, o Consello solicita a elaboración dunha Lei de financiamento do sistema educativo que, avalada polas comunidades autónomas, garanta nun prazo temporal limitado a suficiencia de recursos do sistema, garanta a aplicación das medidas de mellora recollidas tanto na LOE coma nas últimas modificacións legais desta e para o impulso da formación profesional, recolla os custos para a consecución dos obxectivos educativos 2020 da Unión Europea e permita concertar medidas para aproximar as medias autonómicas máis baixas de investimento educativo á media estatal para que se compensen as actuais desigualdades, entre outras cuestións.

## **5. A igualdade, a convivencia e a participación nos centros**

**1ª)** O Consello Escolar do Estado recoñece o labor realizado polas administracións educativas e polo Observatorio da Convivencia na actualización da lexislación, na difusión das recomendacións contidas nos estudos específicos sobre a convivencia e o clima escolar e, moi especialmente, no recoñecemento e na difusión de boas prácticas. Pero hai que seguir avanzando para favorecer un clima escolar baseado no respecto, que é a mellor plataforma para acadar un rendemento escolar axeitado. Para logralo, o Consello propón que se elaboren indicadores sobre a convivencia e o clima escolar dos centros educativos para poder avaliar o impacto de mellora das medidas adoptadas respecto da asunción de valores e hábitos cívicos. Así mesmo, recoméndase a aprobación dunha normativa específica e básica que garanta que todos os centros escolares conten cos recursos materiais e humanos necesarios para poñer en práctica o seu proxecto educativo e o seu plan de convivencia.

**2ª)** O Consello Escolar do Estado é consciente de que a mellora do clima escolar pasa porque, dende as administracións, os centros e as familias, se incentive o estudo e por aumentar o prestixio do labor docente, porque os medios de comunicación difundan unha imaxe dos centros educativos como contornos culturais e formativos e porque a comunidade educativa, no caso dos centros públicos e privados concertados, acorde as normas de convivencia e de relación dos distintos colectivos que a integran. Hai que seguir avanzando na promoción do recoñecemento e da autoridade moral e profesional do profesorado e débese reflexionar na elaboración dunha normativa básica para todo o profesorado dos devanditos centros no ámbito estatal, sen esquecer medidas tales como a incorporación de novos perfís profesionais nos centros que complementan a tarefa educativa e da rede de orientación e a mellora da formación do profesorado na resolución de conflitos, entre outras.



**3ª)** As actuacións encamiñadas a lograr a igualdade efectiva entre homes e mulleres no sistema educativo, establecidas na Lei 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral coa violencia de xénero e recollidas na LOE, e na Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes, empezaron a poñerse en marcha con diferentes ritmos segundo as comunidades autónomas. Para valorar o grao de cumprimento destas, o Consello Escolar do Estado recomenda que as administracións educativas establezan indicadores adecuados, que procedan á desagregación por sexos daquelas estatísticas da educación que aínda non a inclúen, que establezan protocolos que faciliten as actuacións precisas en casos de alumnos ou alumnas afectados pola violencia de xénero e que faciliten a formación específica dos servizos de inspección e das persoas nomeadas no seo dos consellos escolares dos centros, co fin de garantir a igualdade real en todos os ámbitos da vida dos centros educativos, avaliando anualmente a posta en marcha e a efectividade desta medida.

Así mesmo, e co fin de favorecer tanto a coeducación como a adquisición dos valores presentes no currículo escolar, o Consello Escolar do Estado considera que non se deben establecer concertos cos centros que optan por unha escolarización diferenciada do alumnado en función do sexo.

**4ª)** A participación dos sectores sociais na educación, non sempre correctamente medida, constitúe un principio constitucional básico. O Consello Escolar do Estado considera imprescindible coñecer a súa situación exacta, polo que lles propón ás administracións educativas aumentar os indicadores relacionados coa participación do alumnado e das familias nos centros e nos procesos de elección de representantes no Consello Escolar do centro e integralos no Sistema Estatal de Indicadores da Educación. Así mesmo, recoméndase que no seo da Comisión de Estatística da Conferencia Sectorial de Educación se estude a conveniencia de introducir nas estatísticas da educación en España os aspectos relacionados co asociacionismo do alumnado e de pais e nais do alumnado nas ensinanzas previas á

universidade, co obxectivo de harmonizar e homoxeneizar os diferentes criterios dos rexistros e censos autonómicos no referido ao devandito asociacionismo para facilitar a agregación de datos no ámbito estatal.

A participación das familias na educación está condicionada de maneira importante polas súas obrigas laborais e profesionais, en moitas ocasións incompatibles coa súa presenza na escola, non só para desenvolver actividades de participación, senón mesmo para un correcto e axeitado seguimento da educación dos seus propios fillos. É necesario reflexionar acerca de que as responsabilidades que as familias deben asumir en materia educativa esixen cambios radicais nas formas de vida, nos proxectos políticos de cidade e na configuración dos tempos familiares e laborais. Por tanto, o Consello Escolar do Estado insta as administracións educativas para que impulsen a adopción de medidas de conciliación da vida laboral dos pais coa vida escolar dos seus fillos.

**5ª)** O Consello Escolar do Estado reitera a petición formulada en informes anteriores no sentido de que o Ministerio de Educación, sen detrimento das competencias propias das comunidades autónomas, promova unha normativa sobre a participación que regule e garanta os medios materiais e económicos para o desenvolvemento desta por parte das familias e do alumnado, tanto de xeito directo coma a través das súas organizacións. No mesmo sentido, o Consello Escolar do Estado insta as administracións educativas para que actualicen e aumenten a contía das subvencións públicas destinadas ao movemento asociativo do alumnado e dos pais e nais do alumnado no ámbito escolar.

## **6. A inclusión do alumnado que presenta necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade**

**1ª)** O Consello Escolar do Estado insta as administracións educativas para que aproben e desenvolvan un plan específico de educación inclusiva do alumnado que presenta necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade. As medidas que recolla o devandito plan, ao ter necesariamente un carácter transversal, deben ser recollidas nos programas de cooperación territorial. Así mesmo, o Consello propón a colaboración entre administracións, institucións e entidades para que impulsen campañas de sensibilización e de difusión de boas prácticas e para que se garanta a educación integral do alumnado con necesidades educativas especiais.

**2ª)** Para garantir que todo o alumnado alcance o éxito académico e persoal é esencial a identificación temperá das necesidades educativas de apoio específicas derivadas da discapacidade e do tratamento axeitado destas ao longo de toda a escolarización. Por iso, o Consello Escolar do Estado insta as administracións educativas para que garantan que os centros elaboren proxectos educativos e plans que recollan a forma de atención integral á diversidade de necesidades do alumnado, para que as avaliacións diagnósticas tomen en consideración de forma prioritaria esta poboación escolar coa previsión de recursos de apoio para a intervención inmediata á detección e para que potencien que na formación inicial e continua do profesorado se inclúan contidos relativos á atención integral do alumnado que presenta necesidades educativas especiais, con coñecemento dos diversos recursos didácticos, tecnolóxicos etc. actuais, de xeito que permita atender en igualdade de oportunidades e en termos de calidade e equidade este alumnado.

En particular, deberase asegurar a accesibilidade universal aos contornos dixitais, tanto polo que se refire á navegación, coma ao acceso aos contidos, así como a toda a información recollida neles, co fin de que o alumnado con discapacidade non quede excluído da dixitalización do contorno educativo. As esixencias de

accesibilidade deben estenderse tamén á formación en deseño para todos do profesorado e demais persoal que interveña no manexo destes dispositivos, así como a xeración de contidos dixitais que se usen como material formativo.

**3ª)** Co obxecto de asegurar non só o acceso aos centros e recintos docentes, á comunicación e á información, aos recursos e materiais didácticos, ás axudas técnicas e ás TIC, ao transporte escolar adaptado..., senón tamén a permanencia e a promoción do alumnado con discapacidade dentro do sistema educativo, as administracións educativas haberán de intensificar as medidas de apoio e de orientación e a axeitada disposición dos recursos de apoio que cada alumno e alumna con discapacidade precise ao longo de todas as etapas. Por iso, o Consello Escolar do Estado insta o Ministerio de Educación e as administracións educativas para que se doten os centros públicos e privados concertados dos recursos materiais e humanos necesarios, especialmente nos centros ordinarios, para atender as necesidades educativas específicas do alumnado destas características e facer posible a integración. Así mesmo, recoméndase a incorporación a un Programa de cualificación profesional inicial (PCPI) do alumnado para o que se considere que é a mellor opción para acadar os obxectivos da etapa de educación secundaria obrigatoria, así como facilitarlle a certificación parcial das aprendizaxes realizadas ao alumnado que presenta necesidades educativas especiais.

**4ª)** O tránsito entre as diversas etapas educativas adoita constituír unha dificultade engadida para o alumnado con necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade. Por iso, o Consello Escolar do Estado propón a elaboración de programas de coordinación entre os diferentes niveis e unha axeitada orientación psicopedagóxica deste alumnado, proporcionándolle información e asesoramento ao alumnado e ás familias acerca das opcións educativas e laborais que mellor respondan ás súas capacidades e actitudes, orientándoos no proceso de formación e facilitándolles, desta forma, a súa posterior inserción no mundo laboral. Todo iso

require a cooperación entre profesionais, centros e administracións para arbitrar as medidas de apoio educativo que sexan necesarias.

**5ª)** A participación das familias na vida escolar ten unha especial relevancia neste caso. As administracións educativas, ademais de velar porque os centros ofrezan canles de colaboración adecuadas, deberán adoptar as medidas oportunas para que os pais e as nais destes alumnos e alumnas reciban o adecuado asesoramento individualizado, así como a información necesaria que lles axude na educación dos seus fillos e fillas. En consecuencia, este Consello insta as administracións para que fagan efectiva a participación das familias nas decisións que afecten a escolarización e os procesos educativos dos seus fillos e fillas que presentan necesidades específicas de apoio educativo derivadas de discapacidade.



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE EDUCACIÓN